

Constantino Cordal Rodríguez, concelleiro na Corporación Municipal de Cambados e membro da Xunta da Mancomunidade do Salnés, ao abeiro do disposto nos arts. 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante a Xunta da Mancomunidade do Salnés para o seu debate e aprobación o seguinte Acordo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende tempo inmemorial o nome de Cambados e do Salnés vai asociado ao viño albariño. Xa a principios do século pasado a prensa comarcal recollía as demandas dos viticultores e adegueiros de Cambados e do Salnés dunha maior atención ao albariño, conscientes do seu enorme potencial.

Fai máis de sesenta e cinco anos Cambados celebra o principal acontecemento de promoción deste viño: a Festa do Albariño. Sen o esforzo e o traballo de todas/os as/os que teñen participado na súa organización non sería posible falar do que representa o sector do albariño hoxe en día.

Na actualidade arredor do 75% dos viticultores da Denominación de Orixe "Rías Baixas" son veciños do Salnés e máis do 65% do viño prodúcese na nosa comarca.

No ano 2107 Cambados foi a Cidade Europea do Viño. Un recoñecemento internacional concedido pola Rede Europea de Cidades do Viño. Sendo o primeiro municipio galego en acadar tal galardón.

Por todas estas razóns, Cambados merece ser a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas".

Con todo, en outubro de 2003 acordouse levar a sede do Consello Regulador a Pontevedra, a pesar de non estar incluída esta cidade na Denominación de Orixe "Rías Baixas", o que constitúe un feito insólito nas máis de 70 Denominacións de Orixe existentes en España.

Debido a esta decisión, Cambados e O Salnés non se están a beneficiar na medida que merecen do traballo que levan realizado durante moitas décadas a prol do viño albariño, perdendo oportunidades de promoción exterior.

Ademais de reparar unha inxustiza histórica, situar a sede do Consello Regulador en Cambados constituiría un extraordinario impulso económico para o tecido comercial e industrial cambadés e saliniense, que redundaría na xeración de riqueza e na tan necesaria creación de emprego.

Xa que logo, por historia e por xustiza, a sede do Consello Regulador "Rías Baixas" debe estar en Cambados.

Finalmente, cabe sinalar que esta moción foi aprobada por unanimidade en todos os concellos da comarca do Salnés.

Por todo o exposto, propónse á Xunta da Mancomunidade do Salnés a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Apoiar a reivindicación do Concello de Cambados ante o Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" para situar a sede do mesmo en Cambados.

2º.- Dar traslado deste acordo ao Concello de Cambados, ao Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" e a Xunta de Galicia.

Constantino Cordal Rodríguez.

Cambados, 7 de marzo de 2018.